



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Telf.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE,
CELEBRADA O DIA 23 DE XANEIRO DE 2018.**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día vintetres de xaneiro de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia de D. SENEN POUSA SOTO, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

- **D^a. SUSANA FERNÁNDEZ POUSA**
- **D. JUAN ANTONIO SANTAMARÍA RODRÍGUEZ.**
- **D. ANGEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ.**
- **D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ.**
- **D. ALEJANDRO LODEIRO RODRÍGUEZ.**

Non asiste D. Carlos Pousa Estévez. Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA O DIA 19 DE DECEMBRO DE 2017.- Intervén o Sr. Carreiro Estévez para manifestar que está de acordo coa redacción da Acta, pero que o Alcalde nunca exerceu de Alcalde, que o Secretario é quen leva a sesión. Pídelle que sexa quen dirixa a Orde do Día.

Os membros do Pleno, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 19 de decembro de 2017.

2.- DAR CONTA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2017.-
A Presidencia da conta da Resolución da Alcaldía do 16 de xaneiro de 2018 que de seguido se transcribe:

RESOLUCION DE LA ALCALDIA DE 16 DE ENERO DEL 2018.

D. Senén Pousa Soto, Alcalde del Ayuntamiento de Beade, en el día de hoy, ha adoptado la siguiente Resolución:

APROBACIÓN DE LA LIQUIDACIÓN DEL PRESUPUESTO ORDINARIO DEL EJERCICIO DEL 2.017.- Examinada la Liquidación del Presupuesto Ordinario de este Ayuntamiento para el ejercicio del 2.017, en base a lo establecido en el artículo 191.3 del R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, que aprueba el Texto Refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, se presta aprobación a dicha LIQUIDACIÓN, en la que se incluyen los documentos reglamentarios y se observan las disposiciones legales correspondientes, cuyo resumen es el siguiente:

DERECHOS RECONOCIDOS NETOS.....	403.843,25 euros.-
OBLIGACIONES RECONICIDAS NETAS.	386.562,60 euros.-
DIFERENCIA.....	17.280,65 euros.-



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

3.- APROBACION CONTA XERAL PRESUPOSTARIA 2017.- Visto o expediente da Conta Xeral correspondiente o exercicio do 2017 na que consta a documentación prevista nas Reglas 224 e seguintes da Instrucción de Contabilidade Simplificada, o Informe de Intervención e o Dictáme favorable da Comisión Especial de Contas, e considerando que o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais atribúe o Pleno a competencia para a súa aprobación, a Presidencia somete á consideración dos membros do Pleno a seguinte proposta de acordo:

a) Aprobar inicialmente a Conta Xeral Presupostaria do Concello correspondiente o exercicio do 2017 nos termos e coa documentación que consta no expediente, aprobación que se elevará automaticamente a definitiva de non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, e cuio resumo é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo 1	127.496,28 euros
Capítulo 2	2.665,33 euros
Capítulo 3	63.272,77 euros
Capítulo 4	162.899,25 euros
Capítulo 5	74,29 euros
Capítulo 7	47.435,33 euros
TOTAL INGRESOS REALIZADOS	403.843,25 euros

ESTADO DE GASTOS

Capítulo 1	110.907,35 euros
Capítulo 2.....	111.629,26 euros
Capítulo 3.....	0,00 euros
Capítulo 4.....	56.893,18 euros
Capítulo 6.....	107.132,81 euros
TOTAL PAGOS REALIZADOS	386.562,60 euros

b) Rendir a citada Conta o Tribunal de Contas nos termos previstos na Regla 229 da Instrucción de Contabilidade Simplificada.

Intervén o Sr. Carreira Estévez para manifestar o voto en contra do seu grupo. Solo se celebraron dous plenos ordinarios no ano, e dentro dunhos días estaba sinalado o pleno ordinario, e sen embargo, celébrase este extraordinario, para non tratar o punto de rogos e preguntas. Manifesta que o Alcalde é un cobarde, e que dirixa os plenos, non o secretario. Calificación de cadáver político.

Sometida a votación a proposta da Presidencia, obtense o seguinte resultado: CATRO (4) votos a favor e DOUS (2) votos en contra, quedando, polo tanto, aprobada a Conta Xeral Presupostaria do exercicio do 2017.

4.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL.- A Alcaldía dá conta aos membros do Pleno das seguintes Resolucións dictadas en exercizo das súas competencias:

RESOLUCION DA ALCALDIA DE 27 DE DECEMBRO DE 2017

D. Senén Pousa Soto, Alcalde-Presidente do Concello de Beade (Ourense), no día de hoxe, adoptou a seguinte Resolución:



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

" Tendo en conta as atribucións conferidas a esta Presidencia polo artigo 61.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, en concordancia coartigo 46.1 do ROF, en materia de cese e nomeamento de Tenentes de Alcalde da Corporación municipal, ACORDEI:

- a) Cesar como Primeiro Tenente de Alcalde da Corporación de Beade a D. Ángel González Vázquez.
- b) Nomear como Primeiro Tenente de Alcalde a D^a. Susana Fernández Pousa e Segundo Tenente de Alcalde a D. Juan Antonio Santamaría Rodríguez."

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo. Senén Pousa Soto.

Asdo. Pablo Fernández Loureiro

RESOLUCION DA ALCALDIA DE 27 DE DECEMBRO DE 2017

D. Senén Pousa Soto, Alcalde-Presidente do Concello de Beade (Ourense), no día de hoxe, adoptou a seguinte Resolución:

" Por esta Presidencia procede, de acordo co establecido no artigo 65 da Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 52 do ROF, o nomeamento e cese dos membros da Xunta de Goberno Local.

En base a elo, ACORDEI,

- a) Cesar como membro da Xunta de Goberno Local a D. Ángel González Vázquez.
- b) Nomear membro da Xunta de Goberno Local a D. Juan Antonio Santamaría Rodríguez."

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo. Senén Pousa Soto.

Asdo. Pablo Fernández Loureiro.

Pide a palabra o Sr. González Vázquez, para pedirlle explicacións a Alcaldía polo seu cese, ao que o Alcalde resposta que levaba varios Plenos sen asistir, e que considerou oportuno o seu cese, dentro das súas competencias. Igual que o nomeou, tamén o cesou.

5.- TOMA DE RAZÓN POLO PLENO DE RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO.- Visto o escrito presentado en data 4 de xaneiro de 2018 polo concelleiro D. Carlos Pousa Estévez, renunciando a súa condición de Concelleiro do concello, cargo que exerce na actualidade e do que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación, celebrada con data 13 de xuño de 2015 o haber sido proclamado electo coa candidatura presentada polo Partido Popular, na que ocupaba o posto núm. 5, e de conformidade co previsto na lexislación electoral e de réximen local, así como na Instrución da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de 10 de xullo de 2003, o Pleno por UNANIMADE, acorda:

Primeiro. Tomar coñecemento, para a súa efectividade, da renuncia formulada por D. Carlos Pousa Estévez a súa condición de concelleiro do Concello de Beade (Ourense) e a todos os demais cargos que exerce, derivados desa condición.

Segundo. Comunicar este acordo a Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato seguinte, que segundo os datos que obran neste concello é D. Samuel Rodríguez Vázquez, que ocupa o posto número 6 na lista electoral do PARTIDO POPULAR nas eleccións locais do ano 2015.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Telf.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a reunión, sendo ás doce horas e quince minutos, de tódo-lo que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. Senén Pousa Soto.

O SECRETARIO,

Asdo. Pablo Fernández. Loureiro.